



CERTIFICADO

Expediente núm.:	Órgano colexiado:
5075/2018	La Junta de Gobierno Local

**Silvia Alonso Fernandez, EN CALIDADE DE SECRETARIO DESTE ÓRGANO,
CERTIFICO:**

Que, na sesión desenvolvida o 9 de xaneiro de 2019 se adoptou o seguinte acordo:

Expediente 5075/2018. INICIACIÓN DO PROCEDEMENTO ABERTO SIMPLIFICADO SUMARIO PARA A CONTRATACIÓN DO SERVIZO DE PREVENCIÓN DE RISCOS LABORAIS

INICIACIÓN DO PROCEDEMENTO ABERTO SIMPLIFICADO SUMARIO PARA A CONTRATACIÓN DO SERVIZO DE PREVENCIÓN DE RISCOS LABORAIS

Á vista dos seguintes antecedentes :

PRIMEIRO: O Concello de Barbadás ten que dispoñer de un Plan de Prevención de riscos laborais, donde se definan os obxetivos, as metas, as funcións e responsabilidades en materia preventiva e organización da prevención no Concello. SEGUNDO: O contrato dos servizos de prevención de riscos laborais , finaliza a 31 de decembro de 2018, polo que se fai precisa unha nova adxudicación que permita a prestación dos servizos de xestión da prevención de riscos laborais para o persoal do Concello de Barbadás de forma regular, en aras a dar unha resposta adecuada ás necesidades para preservar a seguridade tando dos traballadores e das traballadoras como dos servizos municipais para dar cumprimento a Lei 31/1995 , do 8 de novembro de Prevención de Riscos Laborais e do Real Decreto 39/1997 do 17 de xaneiro polo que se aproba o Regulamento dos servizos de prevención. TERCEIRO: As disciplinas preventivas que son susceptibles de ser cubertas son: -Seguridade no Traballo -Hixiene Industrial -Ergonomía e Psicosocioloxía Aplicada -Vixilancia da saúde CUARTO: O ámbito de actuación está referido ao Concello de Barbadás cun persoal laboral aproximado de 114 persoas.

Necesidade a satisfacer: Contratación do servizo de prevención de riscos laborais

Á vista das características do contrato que se pretende adxudicar:



Concello de Barbadás

Servizo de prevención de riscos laborais			
Procedemento: aberto	Tramitación: simplificado sumario		Tipo de contrato: servizos
Clasificación CPV:	Acepta renovación: Non	Revisión de prezos / fórmula: Non	Acepta variantes: Non
Orzamento base de licitación: 19.730,58 €	Impostos: 4.143,42 €		Total: 23.874,00 €
Valor estimado do contrato: 19.730,58 €	Impostos: 4.143,42 €		Total: 23.874,00 €
Duración execución: 3 anos dende a sinatura do contrato			
Garantía provisional: Non	Garantía definitiva: Non		Garantía complementaria: Non

Á vista do expediente de contratación tramitado:

Documento	Data/Núm.
Proposta de contratación do Servizo	03/01/19
Informe de Secretaría	17/12/18
Informe de Intervención	18/12/18
Resolución de inicio	18/12/18
Prego de cláusulas administrativas	18/12/18
Informe de fiscalización previa	02/01/19

Á vista das características e do importe do contrato óptase pola adxudicación mediante procedemento aberto simplificado sumario.

Examinada a documentación que a acompaña, visto o informe de Secretaría, e de conformidade co establecido na Disposición Adicional Segunda da Lei 9/2017 de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se transponen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014,

A Xunta de Goberno Local por unanimidade acorda:

PRIMEIRO. Aprobar o expediente de contratación, mediante procedemento aberto simplificado sumario para a contratación do servizo de prevención de riscos laborais, convocando a súa licitación.

SEGUNDO. Aprobar o gasto correspondente:

TERCEIRO. Aprobar os Pregos de Cláusulas Administrativas Particulares que rexerá o contrato.

CUARTO. Publicar o anuncio de licitación no perfil de contratante co contido contemplado no anexo III da Lei 9/2017 de 8 de novembro, de Contratos do

Concello de Barbadás

C/ Cimadevila 1, Barbadás. 32890 (Ourense). Tfno. 988360000. Fax: 988360401



Concello de Barbadás

Sector Público.

QUINTO. Publicar no perfil de contratante toda a documentación integrante do expediente de contratación, en particular o prego de cláusulas administrativas particulares e o de prescricións técnicas. A documentación necesaria para a presentación das ofertas ten que estar dispoñible o mesmo día de publicación do anuncio de licitación.

SEXTO. Designar á unidade técnica formada polo departamento de Secretaría e o centro empresarial transfronteirizo técnicos deste Concello, como órgano competente para proceder á apertura das proposicións e á valoración das ofertas.

SÉTIMO. Finalizado o prazo de presentación de proposicións, procederase á apertura das proposicións mediante dispositivo electrónico e á súa valoración.

OITAVO. Efectuada a valoración das proposicións e a proposta de adxudicación, comprobarase no Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas, que o adxudicatario proposto cumpre cos requisitos necesarios de capacidade e procederase á adxudicación do contrato.

E para que conste, para os efectos oportunos no expediente da súa razón, de orde e co V.º B.º do Sr. Alcalde, coa excepción prevista no artigo 206 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais aprobado por Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, expídese a presente.

DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE

Concello de Barbadás

C/ Cimadevila 1, Barbadás. 32890 (Ourense). Tfno. 988360000. Fax: 988360401